

(Resolución do 19 de setembro da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.)

Neste curso 2022-2023 corresponde facer unha renovación parcial do Consello Escolar do Centro, polo que se deben elixir a **un** representante do sector pais/ nais/ titores/as legais do alumnado.

Todos os membros do censo son electores e elixibles. Formarán parte do Consello Escolar a persoa con máis votos, quedando os demais como suplentes se houberse máis candidatos/as. Teñen **dereito ao voto** o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

A persoa elixida terá un nomeamento de catro cursos escolares ou ata que a súa filla/o seu fillo deixe de cursar estudos neste centro, sendo neste último caso substituídas polas suplentes se as houberse.

Para exercer o seu dereito ao voto os electores deberán acreditar a súa personalidade mediante exhibición do **DNI ou outro documento identificativo** válido en dereito. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

A continuación preséntase o calendario escolar aprobado pola Xunta Electoral:

Publicación do censo provisional e período de reclamacións ante a Dirección do centro: dende o día 10 de novembro ata as 14:00h. do 17 de novembro. Son electores os pais/nais/titores/titoras legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo exposto no taboleiro de anuncios da entrada do colexio. Recoméndase comprobar os datos (nome e apelidos). Aqueles que, tendo dereito a ser electores, non se atopen incluídos no censo ou os seus datos sexan erróneos presentarán a súa reclamación ante a directora, na secretaría do centro.

Presentación de Candidaturas: dende o día 11 de novembro ata as 14:00h. do día 18 de novembro en secretaría. Hai un modelo de Presentación de Candidatura na secretaría do centro.

Publicación do censo definitivo e das listas de candidatos: día 21 de novembro no taboleiro de anuncios da entrada. Contra o acordo de proclamación de candidatos poderase reclamar os días 22 e 23 de novembro de 11:30 a 12:30 e de 14:00 a 14:50 na secretaría do centro.

Sorteo dos compoñentes da mesa electoral: día 21 de novembro, na reunión da Xunta Electoral. Enviarase comunicación por escrito aos pais/nais/titores/titoras legais elixidos.

Celebración das votacións: día **29 de novembro** nas dependencias do colexio e nos seguintes horarios:

-De **10:00h a 12:00 horas**

-De **15:00h a 16:30 horas**

Cada elector/a deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou documento equivalente. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a fará constar na papeleta **un candidato/a**.

Publicación de candidatos electos: 1 de decembro.

Sendo consciente da importancia que ten o Consello Escolar como órgano de goberno do centro educativo, solicito a súa participación, ben sexa como **CANDIDATOS/AS**, ben como **ELECTORES/AS**.

Vilagarcía de Arousa, 8 de novembro de 2022

A directora,

Rosario Domínguez Oviedo